

Artigo único.

Engádesse a seguinte disposición na Lei orgánica do réxime electoral xeral:

«Disposición adicional quinta.

No suposto de que no mesmo ano coincidan para a súa celebración, nun espazo de tempo non superior a catro meses, eleccións locais, eleccións a asembleas legislativas de comunidades autónomas que celebraron as súas eleccións o cuarto domingo do mes de maio de 1995, coas eleccións ó Parlamento Europeo, os decretos de convocatoria expediranse o día quincuaxésimo quinto anterior ó da data en que han de ter lugar as eleccións ó Parlamento Europeo, para asegura-la celebración simultánea. Os referidos decretos publicaranse o día seguinte ó da súa expedición no "Boletín Oficial del Estado" ou, se é o caso, no "Boletín Oficial" da comunidade autónoma correspondente, e entrarán en vigor o mesmo día da súa publicación. Os mandatos dos membros das corporacións locais terminarán, en todo caso, o día anterior ó da celebración das seguintes eleccións.»

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 15 de xuño de 1998.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

14064 LEI 15/1998, do 15 de xuño, pola que se autoriza a participación do Reino de España na sexta reposición de recursos do Fondo Asiático de Desenvolvemento. («BOE» 143, de 16-6-1998.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen

Que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Fondo Asiático de Desenvolvemento constitúe o núcleo de recursos que o Banco Asiático de Desenvolvemento prové en condicións concesionais ós seus países membros en desenvolvemento elixibles para el.

O Reino de España, que ingresou no Banco Asiático de Desenvolvemento o 14 de febreiro de 1986 pola Lei 44/1985, do 19 de decembro, realizou unha achega inicial no Fondo Asiático de Desenvolvemento de 4.335.000.000 de pesetas. Posteriormente participou na cuarta (FAsD-5) e quinta (FAsD-6) reposicións de recursos do dito fondo, autorizadas por Leis 6/1989, do 3 de abril, e 1/1993, do 8 de marzo. As cantidades achegadas a estas reposicións foron de 4.146.273.420 e 3.296.252.400 pesetas, respectivamente.

Esta sexta reposición (FAsD-7) ten por obxecto dotar de recursos ó Fondo Asiático de Desenvolvemento nunha contía de 6.300 millóns de dólares USA para o período 1997-2000.

Tanto razóns de índole asistencial como lexítimos intereses de política comercial aconsellan a participación de España nesta reposición de recursos.

A presente lei, que ten como fin autoriza-la dita participación, díctase en virtude dos títulos competenciais que a Constitución lle atribúe en exclusiva ó Estado, de acordo co artigo 149.1.3.^a e 13.^a, referidos ás relacións internacionais e as bases e a coordinación da economía.

Artigo 1. Achega ó Fondo Asiático de Desenvolvemento.

1. Autorízase ó Goberno para que, en nome do Reino de España, efectúe unha achega na sexta reposición de recursos do Fondo Asiático de Desenvolvemento por un importe de 1.669.693.500 pesetas, de acordo co disposto na Resolución número 247, aprobada pola Xunta de Gobernadores da dita institución o día 22 de marzo de 1997, que se publica como apéndice desta lei.

2. A citada achega será sufragada con cargo ó Fondo de Axuda ó Desenvolvemento.

Artigo 2. Pagamento das achegas.

1. Os pagamentos correspondentes á subscripción da achega denominaranse en pesetas e poderanse realizar en efectivo ou en forma de obrigas de pagamento non negociables e sen xuro, ou de obrigas análogas, pagadeiras á vista e ó seu valor á par.

2. Os pagamentos a título da subscripción que se realice de acordo co disposto na Resolución número 247 levaranse a cabo en catro cotas de importes iguais. O primeiro destes pagamentos efectuarase no momento do depósito do correspondente instrumento de subscripción. O segundo pagamento deberá efectuarse o 1 de novembro de 1998, non máis tarde. O terceiro pagamento, o 1 de novembro de 1999, non máis tarde. E o cuarto pagamento, o 31 de decembro do ano 2000, non máis tarde.

Artigo 3. Entidade depositaria.

Para efectos das achegas que se autorizan, o Banco de España desempeñará as funcións de depositario previstas no artigo 38 do convenio constitutivo do Banco Asiático de Desenvolvemento, tanto dos haberes e obrigas de pagamento necesarios para o desembolso das achegas, como dos seus títulos representativos.

Disposición derradeira primeira. Facultade de desenvolvemento.

Autorízase ó ministro de Asuntos Exteriores e ó ministro de Economía e Facenda para dictaren, no ámbito das súas respectivas competencias, cantas medidas sexan precisas para a execución do que dispón esta lei.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor.

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 15 de xuño de 1998.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

APÉNDICE

Resolución número 247

Sexta reposición do Fondo Asiático de Desenvolvemento (adoptada mediante votación por correspondencia o 22 de marzo de 1997)

Por canto:

O Directorio Executivo presentoulle á Xunta de Gobernadores un informe sobre a reposición do Fondo Asiático de Desenvolvemento (FAsD ou Fondo):

No seu informe, o Directorio Executivo recomendou que o Banco, considerando as necesidades dos seus países membros máis pobres e menos desenvolvidos, realice unha reposición substancial do FAsD con obxecto de financia-lo programa de préstamos concesionais do Banco por un período de catro anos desde xaneiro de 1997; e

A maioría dos países membros desenvolvidos e algúns países membros en desenvolvemento indicaron a súa intención de contribuír á sexta reposición do FAsD de acordo coas disposicións establecidas nesta resolución, aínda cando non poderá chegarse a ningún compromiso ó respecto mentres non se obteñan tódalas aprobacións internas necesarias por parte de tales países membros;

Polo tanto, a Xunta de Gobernadores resolve o seguinte:

1. Definicións. Tal como se utiliza nesta resolución:

a) A palabra «membro» significa un membro do Banco Asiático de Desenvolvemento.

b) A expresión «instrumento de achega» significa o instrumento mediante o cal un membro confirma a súa intención de contribuír de acordo co número 4 desta resolución.

c) A expresión «achega incondicional» significa a achega amparada por un instrumento de achega incondicional, tal como se define na alínea 4.b), desta resolución.

d) A expresión «achega condicional» significa a achega amparada por un instrumento de achega condicional, tal como se define na alínea 4.c), desta resolución.

e) A expresión «unidade de obriga» significa o dólar dos Estados Unidos, o DEX ou, salvo para calquera membro cunha economía que experimentase unha taxa de inflación superior ó 15 por 100 anual como media no período 1991-1995, segundo o determine o Banco, a moeda nacional dun membro, de acordo coa opción elixida polo dito membro para denomina-la súa achega e que figura na última columna da táboa A adxunta a esta resolución, e na cal debe efectuarse a achega, de acordo coa alínea 4.a), desta resolución.

f) «Pagamento de» unha achega, ou «pagar» unha achega, significa o pagamento dunha achega, ou pagala, en varios prazos, mediante efectivo ou depósito dalgún tipo de obrigas de pagamento, de acordo cos números 6, 7 e 8 desta resolución.

g) A palabra «prazo» significa un dos prazos en que debe pagarse unha achega.

h) A expresión «compromiso de préstamo» significa o compromiso de fondos repostos realizado polo Banco para levar a cabo as súas operacións de préstamos concesionais.

i) A palabra «tramo» significa a parte dunha achega que debe liberarse para compromisos de préstamos en cada un dos catro anos cubertos pola reposición, de acordo co número 9 desta resolución.

j) A palabra «disposición» significa a utilización de achegas por parte do Banco para compromisos de préstamos mediante a retirada de fondos no caso de pagamentos en efectivo e facendo efectivas as obrigas de pagamento no caso de pagamentos realizados mediante tales obrigas de pagamento.

k) A expresión «a reposición» significa a reposición do FAsD autorizada por esta resolución.

2. Cláusula xeral:

A Xunta de Gobernadores acepta o informe do Directorio Executivo e sométeo á consideración de tódolos países membros do Banco como base para a obtención das aprobacións internas necesarias para a reposición.

3. Achegas:

3.a) Achegas dos membros. Queda autorizado o Banco para aceptar dos países membros enumerados na táboa A anexa a esta resolución achegas para a reposición en cantidades non inferiores ás que se indican para cada un deles na táboa, expresadas nas unidades de obriga correspondentes.

3.b) Utilización das achegas. Tódalas achegas que se efectúen de acordo con esta resolución serán utilizadas e administradas para conceder créditos seleccionados e aprobados polo Banco de acordo co Regulamento do Fondo Asiático de Desenvolvemento do Banco (Regulamento FAsD) ou as modificacións deste levadas a cabo polo Directorio Executivo.

3.c) Achegas adicionais. Non obstante o disposto na alínea 3.a), o Banco poderá aceptar de calquera país membro, ou doutra fonte, calquera achega adicional ó FAsD nos prazos e condicións compatibles co Regulamento do FAsD e as modificacións deste aprobadas, se é o caso, polo Directorio Executivo.

3.d) Conexión con futuras reposicións. Ningún país membro que realice achegas adicionais de acordo co estipulado na alínea 3.c) anterior, estará obrigado, con ocasión dunha futura reposición do FAsD, a aumentala porcentaxe proporcional de achega que ten asignado ata este momento polo feito de ter efectuado unha achega adicional baixo esta resolución.

4. Instrumentos de achega:

4.a) Cláusula xeral. Para efectuar unha achega de acordo coa alínea 3.a) desta resolución, o membro depositará no Banco un instrumento de achega que confirme formalmente a súa intención de contribuír de acordo coa alínea 3.a) e especifique o seu importe na unidade de obriga correspondente, tal como se expón na táboa A anexa a esta resolución.

4.b) Achega incondicional. Sen prexuízo do disposto na alínea 4.c) que segue, o instrumento de achega constituirá un compromiso incondicional do membro co Banco de efectua-lo pagamento da achega da maneira e nas condicións expresadas nesta resolución ou establecidas por ela. Para os efectos desta resolución denominarase achega incondicional unha achega cuberta polo dito instrumento.

4.c) Achega condicional. Como caso excepcional, cando un membro non poida ofrecer un compromiso de achega incondicional debido ás súas prácticas lexislativas, o Banco poderá aceptar deste un instrumento de achega que conteña a condición de que o pagamento de tódolos prazos da achega, excepto o primeiro, estará sometido a futuras consignacións orzamentarias. O dito instrumento, sen embargo, incluirá o compromiso do membro de tratar de obte-las consignacións necesarias ó ritmo especificado na alínea 9.b), durante o período

da reposición, e de notificarlo ó Banco tan pronto como obteña cada unha de tales consignacións. Para os efectos desta resolución, unha achega amparada polo dito instrumento denominarase achega condicional, e pasará a considerarse incondicional na medida en que se vaian obtendo as consignacións.

5. Vixencia:

5.a) Vixencia da reposición. A reposición entrará en vigor na data en que fosen depositados no Banco instrumentos de achega relativos ás achegas citadas na alínea 3.a) anterior que correspondan a compromisos de achega incondicional por un importe total equivalente polo menos a 1.304.918.560 dólares dos Estados Unidos (890.522.718 DEX) (1). Salvo que o Directorio Executivo determine outra cousa, a dita data non será posterior ó 31 de decembro de 1997.

5.b) Vixencia de cada unha das achegas individuais. Os instrumentos de achega depositados na data da entrada en vigor da reposición ou antes dela producirán efecto na data, e os instrumentos de achega depositados despois desa data producirán efecto nas súas respectivas datas de depósito. Salvo que o Directorio Executivo determine outra cousa, o Banco non aceptará un instrumento de achega depositado por un país membro despois do 30 de xuño de 1998.

6. Pagamento dos prazos:

6.a) Datas de pagamento. Salvo que se dispoña doutra maneira nesta resolución, cada achega feita de acordo con ela pagarase en prazos, a razón dun pagamento, polo menos, en cada un dos catro anos naturais cubertos pola reposición, sempre que, salvo que o Directorio Executivo determine outra cousa, o primeiro, segundo e terceiro prazos se paguen non máis tarde do 1 de novembro dos anos 1997, 1998 e 1999, respectivamente, e o último prazo non máis tarde do 31 de decembro do ano 2000. Os pagamentos relativos ás achegas condicionais efectuaranse nun prazo de noventa días, a medida que cada prazo da achega se convertese en incondicional e sen prexuízo das datas de pagamento anuais especificadas anteriormente neste mesmo parágrafo.

6.b) Importe do prazo. A excepción do estipulado na alínea 6.c) que segue, os pagamentos dos prazos relativos a cada achega incondicional e a cada achega condicional serán de importes iguais.

6.c) Réxime opcional. Calquera membro que o desexe poderá paga-la súa achega nun número inferior ou superior de prazos, ou en fraccións porcentualmente máis altas ou en datas anteriores ás especificadas nas alíneas 6.a) e 6.b) anteriores, sempre que, a menos que o Directorio Executivo o determine doutro modo, tal réxime de pagamentos non resulte menos favorable para o Banco e que o último prazo se pague non máis tarde do 31 de decembro do ano 2000. Calquera pagamento dun prazo que se efectúe con anterioridade á data de entrada en vigor da reposición considerarase como un pagamento anticipado, e o seu importe non poderá utilizarse para contraer compromisos de préstamos antes da entrada en vigor da reposición, a menos que o membro opte por notificarlle ó Banco que pode dispoñer do dito importe en concepto de achega anticipada, de acordo co parágrafo 9.c) (ii) desta resolución.

6.d) Achega diferida. Se algún membro depositase un instrumento de achega despois da data en que deba paga-lo primeiro prazo de acordo coa alínea 6.a) anterior,

o pagamento de calquera prazo vencido no momento do depósito do instrumento de achega de acordo co disposto nas alíneas 6.a) e 6.b) efectuarase dentro dos noventa días seguintes á data do dito depósito.

6.e) Calendario de pagamentos. Ó efectua-lo depósito do seu instrumento de achega, cada membro indicarálle ó Banco o calendario de pagamento de prazos que propón, baseándose no exposto nas disposicións precedentes do número 6.

6.f) Condicións de pagamento. Non obstante o disposto anteriormente neste número 6, ningún membro estará obrigado a efectuar un pagamento respecto da súa achega, salvo na medida en que esta se encontre dispoñible para compromisos de préstamos tal e como se especifica no número 9.

7. Modo de pagamento:

Tódolos pagamentos relativos a cada achega efectuada de acordo con esta resolución faranse en efectivo ou, a opción do membro, mediante o depósito de obrigas de pagamento non negociables e sen xuro ou de obrigas similares do membro, que poidan ser feitas efectivas polo Banco á par e á súa presentación, para satisfacerlos compromisos de préstamos, conforme as disposicións que estableza ó respecto o Directorio Executivo. Anualmente facilitaráselle a cada membro un programa indicativo de pagamentos.

8. Moeda de pagamento:

8.a) Cláusula xeral. Tódalas achegas efectuadas de acordo con esta resolución pagaranse en moedas libremente convertibles.

8.b) Tipo de cambio aplicable. Cando a moeda para o pagamento dunha achega sexa diferente da unidade de obriga aplicable á dita achega, que figura na táboa A adxunta a esta resolución, o importe do pagamento de cada prazo relativo á achega será determinado baseándose no tipo de cambio utilizado polo Banco con fins de conversión nos seus libros de contabilidade no momento en que se realice o dito pagamento.

9. Condicións para o compromiso de préstamos:

9.a) Achega incondicional. Salvo que se dispoña doutra maneira nesta resolución, para efectos do compromiso de fondos polo Banco no marco das súas operacións, cada achega incondicional dividirase en catro tramos iguais e quedará dispoñible para compromisos de préstamos da seguinte forma:

(i) O primeiro tramo: na data en que entre en vigor o correspondente instrumento de achega;

(ii) O segundo tramo: desde o 1 de xaneiro de 1998 (ou desde a data en que entre en vigor o correspondente instrumento de achega, se fose posterior), sempre que antes da dita data fosen depositados no Banco instrumentos de achega relativos ás achegas a que se refire a alínea 3.a) anterior por un importe total equivalente, polo menos, a 2.087.869.696 dólares dos Estados Unidos (1.424.836.349 DEX) (2), importe que incluírá tódalas achegas que vaian ser condicionais;

(iii) O terceiro tramo: desde o 1 de xaneiro de 1999,

e (iv) O cuarto tramo: desde o 1 de xaneiro do 2000.

9.b) Achega condicional. Cada achega condicional quedará dispoñible para compromisos de préstamos na medida en que se convertese en incondicional, o cal se producirá ó ritmo dun cuarto do seu importe total en cada un dos catro anos cubertos pola reposición.

9.c) Cláusula de excepción. Non obstante as disposicións anteriores do número 9:

(i) Se un membro que efectuase unha achega condicional non pode, algún ano, poñer ó dispor do Banco para compromisos de préstamos un importe igual a un cuarto da súa achega total, o dito membro indicarlle ó Banco o importe revisado que se converterá en incondicional e cómo se propón suplir esta insuficiencia no prazo ou prazos seguintes. En tal caso, o Banco consultará inmediatamente ós demais países contribuíntes. Cada país contribuínte poderá, no transcurso dos trinta días seguintes, notificarlle ó Banco por escrito a seguinte redución da dispoñibilidade para compromisos de préstamos do Banco do segundo, terceiro ou cuarto tramo, segundo o caso, da achega do dito país contribuínte:

A) No caso do segundo tramo, unha redución proporcional á contía na que o primeiro tramo da achega condicional non se convertese en incondicional;

B) No caso do terceiro tramo, unha redución proporcional á contía na que o segundo tramo da achega condicional non se convertese en incondicional; e

C) No caso do cuarto tramo, unha redución proporcional á contía na que o cuarto tramo da contribución condicional non se convertese en incondicional.

Entenderase que un país contribuínte renuncia ó exercicio deste dereito se o Banco non recibe notificación escrita no prazo anteriormente indicado.

(ii) Calquera membro pode notificarlle ó Banco que a súa achega, ou parte dela, sexa considerada como achega anticipada da que poida dispoñer-lo Banco para compromisos de préstamos antes de que entre en vigor a reposición. No momento da dita entrada en vigor, os

importes así postos á disposición do Banco deixarán de considerarse como achega anticipada.

(iii) Calquera membro pode autorizar ó Banco a utilizar-lo segundo, terceiro ou cuarto tramo da súa achega, ou parte deles, para compromisos de préstamos de acordo cun calendario máis favorable para o Banco có especificado nas disposicións anteriores do número 9.

10. Reunión dos países contribuíntes:

Se o atraso na adopción de calquera compromiso de achega orixinase ou ameazase con orixinar unha suspensión das operacións de préstamos concesionais, ou impedise doutro xeito o logro substancial dos obxectivos da reposición, o Banco convocará unha reunión de representantes dos países contribuíntes para examinar a situación e estudar vías para obter os compromisos de achega necesarios e, baseándose nas recomendacións desta reunión, o Directorio Executivo adoptará as medidas que considere necesarias.

11. Tipos de cambio:

Para determina-los equivalentes monetarios para os efectos desta resolución, o tipo de cambio que se aplicará entre a moeda nacional dun membro, o dólar dos Estados Unidos e o DEX será, salvo para a excepción prevista na alínea 8.b) anterior, o que figura na táboa B adxunta a esta resolución.

(1) Se se dese algún cambio nos importes da táboa A suxeitos a confirmación (segundo pé de nota 1 da táboa A), os ditos importes serán modificados de acordo con iso.

(2) Se se dese algún cambio nos importes da táboa A suxeitos a cofinanciamento (segundo pé de nota 1 da táboa A), os ditos importes serán modificados de acordo con iso.

TÁBOA A
Achegas dos países membros

País membro	Dólar dos EE UU	Moeda nacional	DEX	Unidade de obriga
Australia	175.230.000 A\$	231.588.699	119.583.168	Moeda nacional/DEX/dólar EE UU (3).
Austria	23.490.000 S	242.583.579	16.030.409	Moeda nacional.
Bélxica	19.440.000 FB	586.775.016	13.266.546	Moeda nacional.
Canadá	125.820.000 \$Can	172.258.904	85.864.032	Moeda nacional.
Dinamarca	24.030.000 KrD	136.419.752	16.398.924	Moeda nacional.
Finlandia (2)	17.657.120 MkF	80.000.000	12.049.845	Moeda nacional.
Francia (2)	140.000.000 FF	704.853.800	95.540.967	Moeda nacional.
Alemaña	177.120.000 DM	260.077.694	120.872.971	Moeda nacional.
Hong Kong (4)	\$HK			Dólar EE. UU.
Italia	108.000.000 Lit	169.922.880.000	73.703.031	Moeda nacional.
Xapón (2)	1.018.770.000 Y	107.777.715.840	695.244.790	Moeda nacional.
República de Corea	54.270.000 W	42.489.665.370	37.035.773	Moeda nacional.
Malasia	10.000.000 RM	25.492.000	6.824.355	Moeda nacional.
Holanda	65.610.000 FH	107.851.030	44.774.592	Moeda nacional.
Nova Celandia (1)	NZ			Moeda nacional.
Noruega	24.300.000 KrN	155.910.501	16.583.182	Moeda nacional.
España	13.500.000 Ptas.	1.669.693.500	9.212.879	Moeda nacional.
Suecia (2)	39.590.000 KrS	268.274.905	27.017.620	Moeda nacional.
Suíza (2)	35.710.000 FS	42.523.111	24.369.771	Moeda nacional.
Taipei, China	14.580.000 NT\$	399.579.480	9.949.909	Moeda nacional/US\$ (3).

País membro	Dólar dos EE UU	Moeda nacional	DEX	Unidade de obriga
Tailandia (1)	4.000.000 B	101.024.800	2.729.742	Moeda nacional.
Turquía (2)	16.120.000 LT	1.038.108.656.000	11.000.860	Dólar EE UU.
Reino Unido	102.600.000 Libra	67.006.726	70.017.880	Moeda nacional.
Estados Unidos	400.000.000 US\$	400.000.000	272.974.190	Moeda nacional.
Total	2.609.837.120		1.781.045.436	

(1) As contías das achegas confirmaranse previamente á entrada en vigor desta resolución. Esta táboa considerárase modificada na medida en que se produzan cambios nas contías confirmadas ó Banco.

(2) Inclúe as achegas de Finlandia, Francia, Xapón, Suecia, Suíza e Turquía por unha contía de 4.157.120 \$, 5.000.000 \$, 70.260.000 \$, 2.600.000 \$, 2.500.000 \$ e 1.000.000 \$, respectivamente, que os citados membros acordaron achegar en concepto de achegas suplementarias, coa condición de que tales achegas suplementarias non se teñan en conta ó calcula-las porcentaxes de participación relativa dos países doadores para efectos de negociar futuras reposicións do FAsD.

(3) Segundo decida o membro ó deposita-lo seu instrumento de achega, como data límite.

(4) Hong Kong indicou a súa intención de contribuír á reposición con contía que se confirmará. O Banco poderá aceptar un instrumento de achega de Hong Kong por importe non inferior á contía confirmada por ese país e, trala dita confirmación, considerárase que a táboa foi modificada de forma acorde con iso.

TÁBOA B

Tipos de cambio

Unidades de moeda nacional por cada

País membro	Moeda nacional	Dólar dos EE UU	DEX
Australia	A\$	1.321.627	1.938.270
Austria	S	10.327.100	15.131.900
Bélxica	FB	30.183.900	44.227.400
Canadá	\$Can	1.369.090	2.006.170
Dinamarca	KrD	5.677.060	8.318.900
Finlandia	MkF	4.530.750	6.638.580
Francia	FF	5.034.670	7.377.110
Alemaña	DM	1.468.370	2.151.550
Hong Kong	\$HK	7.730.900 ^(a)	n.a.
Italia	Lit	1.573.360.000	2.305.480.000
Xapón	Y	105.792.000	154.960.000
República de Corea	W	782.931.000	1.147.070.000
Malasia	RM	2.549.200	3.734.230
Holanda	FH	1.643.820	2.408.630
Nova Celandia	\$NZ	1.487.409	2.179.570
Noruega	KrN	6.416.070	9.401.340
España	Ptas.	123.681.000	181.233.000
Suecia	KrS	6.776.330	9.930.750
Suíza	FS	1.190.790	1.744.460
Taipei, China	NT\$	27.406.000 ^(a)	n.a.
Tailandia	B	25.256.200	37.001.100
Turquía	LT	64.398.800.000 ^(a)	94.362.300.000 ^(a)
Reino Unido	Libra	0.653.087	0.957.025
Estados Unidos	US\$	1.000.000	1.465.340

^(a) Fonte: «The Bloomberg», Bloomberg, L. P.

Nota: Conforme o número 11 da resolución, os tipos de cambio que figuran nesta táboa aplicaranse para determina-los equivalentes monetarios para os efectos da resolución, salvo para a excepción prevista na súa alínea 8.b). Estes tipos de cambio representan a media dos tipos de cambio diarios do período do 1 de xaneiro ó 31 de marzo de 1996.